

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 31 DE OUTUBRO DE 2008

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a trinta e un de outubro de dous mil oito, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista:

D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal do Partido Popular (PP):

D. José Eduardo Zapata Roel
D.^a Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

D. Antón Sánchez García

Non asiste:

D. Manuel Parga Fernández (BNG)

Así mesmo asisten:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutiérrez Ortiz
O secretario accidental: D. Indalecio Taibo Salorio

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DO PROXECTO DA OBRA NOMEADA “*MODIFICACIÓN DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS AFECTADAS CON MOTIVO DAS OBRAS DE ‘CONEXIÓN DA AC-164 CO CENTRO DE RECUPERACIÓN DE MINUSVÁLIDOS FÍSICOS’*”. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

2.- APROBACIÓN DEFINITIVA SE PROCEDE, DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, EN MATERIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA, DAS SANCIÓNS MUNICIPAIS POR INFRACCIÓNS DA LEI SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL.

1.- APROBACIÓN DO PROXECTO DA OBRA NOMEADA “MODIFICACIÓN DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS AFECTADAS CON MOTIVO DAS OBRAS DE ‘CONEXIÓN DA AC-164 CO CENTRO DE RECUPERACIÓN DE MINUSVÁLIDOS FÍSICOS’”. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, remitiu a este Concello diferentes escritos en relación coa obra relacionado no Asunto, e que constan no expediente; con data 20 de agosto de 2008, e núm. 4958, segundo o Rexistro Xeral de Entrada, recibíuse un escrito da citada Consellería no que comunican que o financiamento que asumen é de 82.637,48 €, o que supón o importe do proxecto sen IVE; e no escrito do 15 de setembro e rexistrado co núm.5533, determina que este concello será o encargado da contratación das obras, vixilancia na súa execución e visto bo das mesmas.

En consecuencia esta Alcaldía solicitou a redacción do correspondente proxecto ó enxeñeiro de camiños, Ángel Delgado Cid, nomeado “Modificación de instalacións municipais afectadas con motivo das obras de “Conexión da AC-164 co Centro de Recuperación de Minusválidos Físicos”, cun importe de 95.859,48 €, . Figura no expediente o informe do arquitecto-técnico municipal emitido con data 05/09/2008, no que indica, entre outros, que é preceptiva a autorización da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia como titular das vías afectadas, e que xa consta de xeito positivo neste expediente, rexistrada co núm.6249 con data 09/10/08; respecto á dispoñibilidade dos terreos para a realización das obras, manifesta no punto núm.6 do seu informe o seguinte:”Non obstante o anterior ao informante non lle consta de xeito fehaciente a titularidade dos devanditos terreos, polo que se recomenda realizar as xestións oportunas en base a verificar a titularidade”.

A dispoñibilidade dos terreos afectados para a execución desta obra e citados no parágrafo anterior, deberán constar antes da adxudicación do contrato, de acordo co previsto no art. 110.1 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público.

Así mesmo figura no expediente, o informe de 8 de outubro/2008, da intervención municipal, emitido a requirimento da Providencia de Alcaldía de 30 de setembro, no que di que existe crédito orzamentario suficiente para facer fronte ó gasto derivado desta contratación na partida 432/611.00; e que o importe do contrato non excede do 10% dos recursos ordinarios do vixente orzamento municipal.

En base ó exposto, proponse ó Pleno municipal que unha vez examinada a documentación que consta no expediente, adopte o seguinte acordo:

1º).- Aproba-lo proxecto nomeado *Modificación de instalacións municipais afectadas con motivo das obras de “Conexión da AC-164 co Centro de Recuperación de Minusválidos Físicos”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, don Ángel Delgado Cid, colexiado núm. 4657, cun orzamento total de 95.859,48 €, IVE incluído.*

2º).- Acepta-lo financiamento da *Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Dirección xeral de Obras Públicas-Subdirección Xeral de Estradas, por importe de 82.637,48 € correspondente ó presuposto sen IVE (IVE 13.222 €). Consta financiamento suficiente para esta contratación na partida 432/611.00 do vixente orzamento municipal.*

3º).- *Facultar expresamente á Sra. alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o seu correspondente expediente.*

4º).- *Unha vez aprobado o proxecto, comunica-lo presente acordo ós Servizos técnicos municipais co fin de que se proceda a formaliza-la acta de replanteo, requisito previo para a tramitación do expediente da contratación.*

De tódolos xeitos o Pleno municipal decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, 13 de outubro de 2008=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e manifesta: esta obra está parada porque se lle solicitou á Consellería que asumise este proxecto de servizos afectados, que, como xa se explicou na Comisión Informativa, inclúe iluminación, rede de abastecemento de auga, etc.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro, e di: como xa manifestamos na sesión da Comisión Informativa, queremos que no próximo Pleno dea conta dos avances na contratación das obras, e dos terreos que non están expropiados.

Sra. alcaldesa: os terreos si están expropiados; ese vial estao executando a Xunta en terreos que ela mesma expropiou, senón non se metería a facer a obra; en todo caso non hai ningún veciño afectado.

Seguidamente toma a palabra o Sr. concelleiro do BNG, Antón Sánchez García, e manifesta:¿hai algún proxecto para soterrar a liña de alta e media tensión que pasa pola zona?.

Sra. alcaldesa: iso xa o contratou directamente a Xunta con Fenosa.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

2.- APROBACIÓN DEFINITIVA SE PROCEDE, DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, EN MATERIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA, DAS SANCIONS MUNICIPAIS POR INFRACCIÓNS DA LEI SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL.

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“O pasado día 31 de xullo de 2008, na sesión ordinaria do Pleno municipal, adoptouse por unanimidade o acordo de delegación de competencias en materia de recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións de lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, na Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Así mesmo, abriuse un período de exposición pública de 30 días hábiles dende a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia número 197, transcorridos desde o día 28 de agosto de 2008 ata o 1 de outubro de 2008, ámbolos dous inclusive, non presentándose na Intervención municipal ningunha reclamación durante o devandito prazo, segundo consta no expediente.

En base a todo o anteriormente exposto,

PROPOÑO:

- 1. Elevar a definitivo o acordo provisional de delegacións de competencias en materia de recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións de lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, na Excma. Deputación Provincial da Coruña.*
- 2. Comunica-lo presente acordo á Excma. Deputación Provincial da Coruña.*

*O Pleno da corporación decidirá o que estime máis conveniente.
Bergondo, 23 de outubro de 2008=A Alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”*

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte horas e corenta e cinco minutos, remátase a sesión, por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, o secretario accidental, dou fe.

O secretario accidental

V. e Pr.:
A alcaldesa

Indalecio Taibo Salorio

Alejandra Pérez Máquez